



de **M. Saavedra** que se salvaron. Todo dixitalizado e catalogado nun exemplo de respecto pola obras deses artistas. Tamén debemos destacar a importante aportación dos fondos da **BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL** de Pontedeume, singularizando o recoñecemento ao labor dos seus xestores, **Alexandre Cainzos Corbeira** e **Loli Fraga Amigo**, que xunto a algúns profesores implicados, levan 15 anos co programa de **FOTOGRAFÍA FAMILIAR**, escaneando as fotografías conservadas nas casas e aportadas polos alumnos.

Este singular e valioso fondo conta xa con máis de 1.500 unidades e consolida á comarca eumesa como un referente do patrimonio icónico galego.

Por tanto, esta exposición so foi posíbel pola colaboración dos arquivos e fondos citados e a participación de moitos veciños orgullosos do seu.



Comisario da exposición **Xavier Brisset Martín**  
xavier@8mares.com

Directora artística **Lucía Dancausa Martín**

Maquetas **Lolo Placer Piñeiro**

Diseño dixital **José Ríos Vázquez**

Reprografía **Gráficas Joypa**



8mares.com

**Realización**



**Patrocinio**

**Exposición itinerante**

**150 anos dunha vila mariñeira**

**Pontedeume 1865 – 2015**

**Do 19 ao 30 de marzo**

**Sala de exposicións do Auditorio de Rianxo**

VISITAS:

Mañás de luns a venres de 10:00 a 14:00 e sábados de 10:30 a 13:30  
Tardes de martes a venres de 17:00 a 21:00 e sábados de 16:30 a 19:30  
(pecharase os domingos e os festivos)

**Un cento de fotografías, audiovisuais, documentación, hemeroteca e maquetas**





Dende 1900, sen interrupción ata hoxe, Pontedeume contou sempre con excelentes fotógrafos. **Marcelino Saavedra Paadín** (1883-1960), **Francisco Salido Seco** (1901-1965), **Augusto Ríos Fonte** (1943-2013), **Ramiro Piñeiro López** (1942)... foron relevándose e facendo medrar o fondo icónico local.

Asimesmo, ben comunicada entre dúas cidades, a vila e a súa comarca foron destino obrigatorio para numerosos fotógrafos alleos, atraídos polos seus patrimonios natural, arquitectónico e cultural. Postales, fotos en álbumes, porfolios, xornais e revistas publicaron seus traballos.

Este idillio artístico comezou ben cedo. En 1865 un fotógrafo descoñecido retratou a ponte de madeira (feita en tanto se retiraba a medieval e se construíu a nova) encadrando o conxunto de forma artística, podendo considerarse como unha das primeiras fotografías paisaxísticas feitas en Galiza.



Por outro lado, como calquera outra comarca da beiramar, nas vilas ártabras vivéuse intensamente a chegada da pesca industrial e o consecuente asociacionismo de mariñeiros e armadores.

Numerosos documentos conservados permiten reconstruír o importante asociacionismo eumés que comezou en 1908 coa “**Hermandad marítima**” e continúa hoxe coa Confraría “**Virgen del Carmen**” fundada hai 70 anos. Entre medias, outras catro asociacións deixaron constancia das contradicións vividas por aquelas xeracións de mariñeiros, que comprobaban a eficacia das novas embarcacións e artes, o que conlevaba a marxinação das técnicas tradicionais. Finalmente os que non atoparon traballo nos vapores tiveron que emigrar, participando no poderoso asociacionismo galego en Cuba e na Arxentina.



Nesta exposición complementamos a iconografía e a documentación coas maquetas das embarcacións que un día dominaron o mar Artabro. Estas foron realizadas con extraordinaria habilidade e cariño por **Lolo Placer Piñeiro**, mariñeiro eumés xubilado. O conxunto nos axuda a coñecer e recoñecer un pasado común de toda a beiramar galega.

Finalmente, debemos agradecer a cesión deste importante material icónico e documental a: **ARQUIVO DO REINO DE GALICIA, REAL ACADEMIA GALEGA, CENTRO GALEGO DAS ARTES DA IMAXE, MUSEO DO POBO GALEGO** e o **ACHIVO GENERAL DE LA ADMINISTRACIÓN**, ademais dos fondos particulares de **Antonio Leira Noche, Antón Prego Fernández** e **Muebles La Mina**.

Mención especial merece **FOTO RIOS** que conserva milleiros de negativos de **Tito Ríos** e os douscentos cristais



Vapor tarrafero chico.